



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2013

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

#### **Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Dona Carmen María Lois Ferrón.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventora:**

Dona Araixa Varela Bermúdez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día sete de novembro do dous mil trece, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnense as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo co seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 24 DE OUTUBRO DE 2013.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o vinte e catro de outubro de dous mil trece por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### **2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "BEIRARRÚAS NA MATANZA E OUTROS" INCLÚIDA NO POS/2012, EXPEDIENTE 12/2013-OB-PNSP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. A Xunta de Goberno Local, na sesión realizada o 1 de agosto do 2013, aprobou o expediente

administrativo de contratación da obra "Beirarrúas na Matanza e outros", por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, expte. número 12/2013-OB-PNSP.

Segundo. O 2 de agosto do 2013 remitíronse 3 invitacións a outras tantas empresas para participar no procedemento, a saber:

- TARRIO Y SUAREZ, SL.
- CONSTRUCCIONES J. REY GONZALEZ.
- NEMESIO ORDOÑEZ, SA.

Terceiro. Transcorrido o prazo de oito (8) días naturais outorgado para a presentación das ofertas as 3 a presentan.

Cuarto. O 26 de agosto do 2013 procédese á apertura dos sobres A que conteñen a documentación administrativa e acórdase declarar excluído da licitación a CONSTRUCCIONES J. REY GONZALEZ, por non acreditar a solvencia técnica de acordo ao previsto na cláusula 12.1.G), e admitidos aos outros 2 licitadores.

Quinto. O 29 de agosto do 2013 procédese á apertura dos sobres B, que conteñen as referencias técnicas, dos licitadores admitidos e solicítase informe aos servizos técnicos o cal resulta emitido o 26 de setembro.

Sexto. O 8 de outubro do 2013 procédese á apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas e fórmulase proposta de acordo de adxudicación a favor de TARRIO Y SUAREZ, SL.

Sétimo. O 9 de outubro do 2013 requírese ao proposto como adxudicatario para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, presente a seguinte documentación:

- A) Certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Padrón e coa Comunidade Autónoma de Galicia, dado que coa Administración do Estado e coa Seguridade Social xa quedou acreditado coa documentación achegada no Sobre A.
- B) Constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP, é dicir  
→  $28.099,17 \text{ €} * 5\% = 1.404,96 \text{ €}$
- C) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato.

Oitavo. O 17 de outubro do 2013 o adxudicatario proposto presenta a devandita documentación, dentro do prazo outorgado para elo. Non obstante, con respecto aos medios persoais, obsérvase que na relación das traballadoras ou dos traballadores non se inclúe o seu nome e apelidos polo que resulta imposible contrastala co TC2 achegado.

Noveno. O 23 de outubro do 2013 requírese ao proposto como adxudicatario para que no prazo máximo de 3 días hábiles achegue a seguinte documentación:

- Relación do persoal que se compromete a adscribir á obra indicando nome e apelidos, categoría e tipo de relación laboral (temporal, indefinida, etc).

Décimo. O 31 de outubro do 2013 TARRIO Y SUÁREZ, SL, presenta correctamente a documentación requerida.



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

## Fundamentos de dereito.

Primeiro. Vistos os criterios de valoración recollidos no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación e a proposta de adxudicación formulada o 8 de outubro do 2013.

Segundo. Considerando que o artigo 151.3 da Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP) recolle que "o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do prazo dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación", referíndose con elo aos certificados de estar ao corrente das débedas tributarias e das obrigas coa seguridade social e á garantía definitiva.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local polo artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar admitidos e excluídos da licitación aos seguintes licitadores polos motivos que se indican:

### → EXCLUÍDOS.

1. CONSTRUCCIONES J. REY, por non acreditar a solvencia técnica de acordo ao previsto na cláusula 12.1.G) do prego de administrativas que rexen esta contratación dado que non achega a relación das obras executadas no curso dos últimos 5 anos nin os certificados de boa execución para as máis importantes e que non achega o currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral nin indicación de si os traballadores son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, e dado que segundo o disposto no parágrafo sexto da mesma cláusula "a non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori".

### → ADMITIDOS.

1. NEMESIO ORDOÑEZ, SA.
2. TARRIO Y SUAREZ, SL.

Segundo. Outorgar a seguinte puntuación aos licitadores admitidos no procedemento negociado sen publicidade, número 12/2012-OB-PNSP, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de agosto do 2013, segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e Anexo IV do prego de administrativas que rexen esta contratación:

1º LICITADOR: NEMESIO ORDOÑEZ, SA			
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA	
14/08/2013		6633	
CRITERIO		OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).		-----	18,34
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	20,00

C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	C)1. Plan de control interno de calidade (max. 6 p).	-----	6,00	
	C)2. Porcentaxe de control interno de calidade (max. 6 p).	1%	3,00	
	C)3. Porcentaxe de control externo de calidade. Modelo (max. 8 p).	1+1 = 2%	3,00	
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).			-----	10,00
E) Reducción de prazos de execución. Tipo 180 días naturais (max. 20 p).			Non.	0,00
F) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 34.233,51 €.			34.150,00 €	0,14
			TOTAL	60,48

3º LICITADOR: TARRIO Y SUAREZ, SL			
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA	
12/08/2013		6567	
CRITERIO		OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).		-----	15,67
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	C)1. Plan de control interno de calidade (max. 6 p).	-----	6,00
	C)2. Porcentaxe de control interno de calidade (max. 6 p).	2%	6,00
	C)3. Porcentaxe de control externo de calidade. Modelo (max. 8 p).	1+1,50 = 2,50%	4,50
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).		-----	5,00
E) Reducción de prazos de execución. Tipo 180 días naturais (max. 20 p).		150 días nat.	20,00
F) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 34.233,51 €.		34.000,00 €	0,38
		TOTAL	77,55

**Terceiro.** Adjudicar o contrato de execución da obra "Beirarrúas na Matanza e outros" a TARRIO Y SUÁREZ, SL, con código de identificación fiscal número B-15090061, ao tratarse do licitador que obtivo unha maior puntuación no procedemento de licitación e cuxa oferta reúne as condicións para poder ser aceptada, nas seguintes condicións:

- Porcentaxe de control interno de calidade = 2%.
- Porcentaxe de control externo de calidade = 1% + 1,50%
- Prazo de execución = 150 días naturais.
- Prezo:
  - a) Prezo sen IVE: vinte e oito mil noventa e nove euros con dezasete céntimos (28.099,17 €).
  - b) IVE (21%): cinco mil novecentos euros con oitenta e tres céntimos (5.900,83 €).
  - c) Prezo con IVE (a+b): trinta e catro mil euros (34.000,00 €).

**Cuarto.** Citar ao representante da empresa adjudicataria para a sinatura do documento administrativo de formalización do contrato ás 10:00 horas do 8 de novembro do 2013, na Casa do Concello de Padrón.

**Quinto.** Nomear director facultativo e coordinador da seguridade e saúde da obra, durante o tempo que dure a



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

súa execución e ata a súa liquidación final unha vez tanscorrido o prazo de garantía, ao enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, colexiado número 3.871, da empresa Estudio Técnico Gallego, SA.

**Sexto.** Designar, de acordo ao establecido na cláusula 29 do prego de administrativas, á seguinte empresa para realizar o control de calidade externo a costa do contratista por un importe máximo de 594,37 €, esto é o 2,50% do orzamento de execución material do proxecto aprobado: EUROCONSULT, SA.

**Sétimo.** Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) e [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) e notificar o presente acordo a todos os licitadores participantes e ás persoas nomeadas nos dous apartados anteriores, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Intervención-Tesourería e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Declarar admitidos e excluídos da licitación aos seguintes licitadores polos motivos que se indican:

→ **EXCLUÍDOS.**

1. CONSTRUCCIONES J. REY, por non acreditar a solvencia técnica de acordo ao previsto na cláusula 12.1.G) do prego de administrativas que rexen esta contratación dado que non achega a relación das obras executadas no curso dos últimos 5 anos nin os certificados de boa execución para as máis importantes e que non achega o currículo do delegado, xefe de obra e encargado xeral nin indicación de si os traballadores son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, e dado que segundo o disposto no parágrafo sexto da mesma cláusula "a non presentación dos medios persoais e materiais propostos neste sobre ou a presentación incompleta non poderá ser obxecto de emenda a posteriori".

→ **ADMITIDOS.**

1. NEMESIO ORDOÑEZ, SA.
2. TARRIO Y SUAREZ, SL.

**Segundo.** Outorgar a seguinte puntuación aos licitadores admitidos no procedemento negociado sen publicidade, número 12/2012-OB-PNSP, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de agosto do 2013, segundo as fórmulas e criterios recollidos na cláusula 12.2 e 3 e Anexo IV do prego de administrativas que rexen esta contratación:

1º LICITADOR: NEMESIO ORDOÑEZ, SA			
DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA	
14/08/2013		6633	
CRITERIO		OFERTA	PUNTOS

A) Programa de traballo (max. 20 p).	-----	18,34	
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).	-----	20,00	
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	C)1. Plan de control interno de calidade (max. 6 p).	-----	6,00
	C)2. Porcentaxe de control interno de calidade (max. 6 p).	1%	3,00
	C)3. Porcentaxe de control externo de calidade. Modelo (max. 8 p).	1+1 = 2%	3,00
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).	-----	10,00	
E) Reducción de prazos de execución. Tipo 180 días naturais (max. 20 p).	Non.	0,00	
F) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 34.233,51 €.	34.150,00 €	0,14	
TOTAL		60,48	

**3º LICITADOR: TARRIO Y SUAREZ, SL**

DATA DE PRESENTACIÓN		NÚMERO REXISTRO DE ENTRADA	
12/08/2013		6567	
CRITERIO		OFERTA	PUNTOS
A) Programa de traballo (max. 20 p).		-----	15,67
B) Programa de actuación ambiental (max. 20 p).		-----	20,00
C) Plan de control de calidade (max. 20 p).	C)1. Plan de control interno de calidade (max. 6 p).	-----	6,00
	C)2. Porcentaxe de control interno de calidade (max. 6 p).	2%	6,00
	C)3. Porcentaxe de control externo de calidade. Modelo (max. 8 p).	1+1,50 = 2,50%	4,50
D) Esquema do plan de seguridade e saúde (max. 10 p).		-----	5,00
E) Reducción de prazos de execución. Tipo 180 días naturais (max. 20 p).		150 días nat.	20,00
F) Oferta económica (max. 10 p). Tipo 34.233,51 €.		34.000,00 €	0,38
TOTAL			77,55

**Terceiro.** Adxudicar o contrato de execución da obra "Beirarrúas na Matanza e outros" a TARRIO Y SUÁREZ, SL, con código de identificación fiscal número B-15090061, ao tratarse do licitador que obtivo unha maior puntuación no procedemento de licitación e cuxa oferta reúne as condicións para poder ser aceptada, nas seguintes condicións:

- Porcentaxe de control interno de calidade = 2%.
- Porcentaxe de control externo de calidade = 1% + 1,50%
- Prazo de execución = 150 días naturais.
- Prezo:
  - a) Prezo sen IVE: vinte e oito mil noventa e nove euros con dezasete céntimos (28.099,17 €).
  - b) IVE (21%): cinco mil novecentos euros con oitenta e tres céntimos (5.900,83 €).
  - c) Prezo con IVE (a+b): trinta e catro mil euros (34.000,00 €).

**Cuarto.** Citar ao representante da empresa adxudicataria para a sinatura do documento administrativo de



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

formalización do contrato ás 10:00 horas do 8 de novembro do 2013, na Casa do Concello de Padrón.

**Quinto.** Nomear director facultativo e coordinador da seguridade e saúde da obra, durante o tempo que dure a súa execución e ata a súa liquidación final unha vez transcorrido o prazo de garantía, ao enxeñeiro de camiños, canles e portos don Julio César Rojo Martínez, colexiado número 3.871, da empresa Estudio Técnico Gallego, SA.

**Sexto.** Designar, de acordo ao establecido na cláusula 29 do prego de administrativas, á seguinte empresa para realizar o control de calidade externo a costa do contratista por un importe máximo de 594,37 €, esto é o 2,50% do orzamento de execución material do proxecto aprobado: EUROCONSULT, SA.

**Sétimo.** Ordenar a publicación do correspondente anuncio de adjudicación no perfil do contratante do Concello de Padrón ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) e [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)) e notificar o presente acordo a todos os licitadores participantes e ás persoas nomeadas nos dous apartados anteriores, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Oitavo.** Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Intervención-Tesourería e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**3.- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACORDO DE CONCESIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO ADICADO A BODEGÓN-XAMONERÍA, SITO NA AVENIDA ESTACIÓN Nº 32, POR PARTE DA ACTUAL TITULAR, DONA RAMONA CHENLO CASTRO, A FAVOR DE DON FRANCISCO FABEIRO MAGÁN. EXPTE. 34/2013.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 13 de abril de 2011 ten entrada no concello, con número de rexistro 3125, solicitude de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón para actividade de bodegón-xamonería, de data 19 de marzo de 2007, que na actualidade figura baixo a titularidade de D<sup>a</sup> Ramona Chenlo Castro, a favor de D. Francisco Fabeiro Magán. Achégase coa solicitude copia compulsada da licenza anterior do establecemento, contrato de arrendamento do beneficiario da transmisión e escrito de rescisión de contrato de arrendamento suscrito pola anterior titular da actividade.

**Segundo.** En data 20 de maio de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude.

**Terceiro.** En data 21 de maio de 2013 o alcalde efectúa proposta á Xunta de Goberno Local de concesión da licenza solicitada.

**Cuarto.** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 23 de maio de 2013 adoita o acordo de concesión de licenza.

**Quinto.** En data 5 de novembro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo redacta informe xurídico sobre un erro material de transcripción acaecido no acordo de outorgamento da

licenza de referencia, recomendando a rectificación de oficio por parte do Concello.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), en canto á capacidade das administracións para proceder de oficio á rectificación dos erros materiais, aritméticos ou de feito acaecidos na tramitación dun acto administrativo.

**Segundo.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 5 de novembro de 2013, e os argumentos neste último recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Terceiro.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e que polo tanto resulta competente para a rectificación de erros instada,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Rectificar o erro material acaecido na transcripción do acordo da Xunta de Goberno local de data 23 de maio de 2013, pola que se outorga o cambio de titularidade dun establecemento adicado a bodegón xamonería, baixo o número de expediente 34/2013.

Onde figura:

*“Autorizar o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a café bar baixo a denominación comercial de “O Refugio” sito en Sinde, Carcacia, actualmente baixo a titularidade de (...) expediente 31/2013”*

Debe constar:

*“Autorizar o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a Bodegón Xamonería sito na avenida Estación nº 32, actualmente baixo a titularidade de Dª Ramona Chenlo Castro, a favor de D. Francisco Fabeiro Magán, expediente 34/2013.”*

**Segundo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Facer constar a rectificación referida no acordo adoitado no seu día e dar traslado do acordo adoitado aos departamentos de urbanismo e ao técnico municipal en xestión económica, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos na tramitación das liquidacións tributarias.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Rectificar o erro material acaecido na transcripción do acordo da Xunta de Goberno local de data 23 de maio de 2013, pola que se outorga o cambio de titularidade dun establecemento adicado a bodegón xamonería, baixo o número de expediente 34/2013.





# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

Onde figura:

*"Autorizar o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a café bar baixo a denominación comercial de "O Refugio" sito en Sinde, Carcacia, actualmente baixo a titularidade de (...) expediente 31/2013"*

Debe constar:

*"Autorizar o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a Bodegón Xamonería sito na avenida Estación nº 32, actualmente baixo a titularidade de Dª Ramona Chenlo Castro, a favor de D. Francisco Fabeiro Magán, expediente 34/2013."*

**Segundo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Facer constar a rectificación referida no acordo adoitado no seu día e dar traslado do acordo adoitado aos departamentos de urbanismo e ao técnico municipal en xestión económica, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos na tramitación das liquidacións tributarias.

**4.- DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA IMPLANTACIÓN OU MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE COMERCIO MINORISTA E DETERMINADOS SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, AO ABEIRO DO DISPOSTO POLA LEI 12/2012, DE 26 DE DECEMBRO, PARA A ACTIVIDADE DE COMERCIO DE PRENDAS DE VESTIR E COMPLEMENTOS EN LOCAL SITO NA RÚA TAFONA Nº 6, BAIXO, PADRÓN, BAIXO A DENOMINACIÓN COMERCIAL "DOD & CO", FORMULADA POR DONA MARTA FERNÁNDEZ MUÑIZ. EXPTE. 47/2013.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 13 de setembro de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7253, solicitude de licenza de actividade para comercio minorista de moda e complementos para muller formulada por Dª Marta Fernández Muñiz.

**Segundo.** En data 20 de setembro de 2013 remítese requerimento á interesada de documentación adicional consistente en alta censal, memoria de actividade ou declaración responsable no caso de se poder acoller á mesma.

**Terceiro.** En data 3 de outubro de 2013 Dª Marta Fernández Muñiz, en calidade de declarante, achega formulario de Declaración Responsable ao abeiro do disposto pola Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. Achégase coa solicitude modelo 037 de alta censal no I.A.E.

**Cuarto.** En data 4 de novembro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informe favorablemente a solicitude, recomendando tomar coñecemento da declaración responsable achegada.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 4 de novembro de 2013, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, no seu apartado segundo, en canto aos requisitos e efectos da exención de licenza municipal de apertura para comercios ao por menor de menos de 300 m<sup>2</sup> de superficie de exposición e venda e a súa substitución por declaración responsable.

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Aceptar e tomar coñecemento da Declaración responsable de data 3 de outubro de 2013 formulada por D<sup>a</sup> Marta Fernández Muñiz ao amparo da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e a consecuente apertura dun local adicado a comercio ao por menor de prendas de vestir e complementos na rúa Tahona nº 6, baixo, con denominación comercial "DOD & Co." expediente 47/2013

**Segundo.** A declaración responsable deparará os efectos previstos pola normativa de aplicación. Apercíbese ao solicitante de que o exercicio da actividade está sometido con carácter contínuo ao cumprimento da normativa sectorial de aplicación en materia de seguridade, hixiene, contaminación acústica e demais que resulten aplicables, así coma de que a falsedade nos datos expresados na declaración responsable terán coma consecuencia a paralización con carácter inmediato da actividade, independentemente das responsabilidades que se poidan xerar para o asinante.

**Terceiro.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aceptar e tomar coñecemento da Declaración responsable de data 3 de outubro de 2013 formulada por D<sup>a</sup> Marta Fernández Muñiz ao amparo da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e a consecuente apertura dun local adicado a comercio ao por menor de prendas de vestir e complementos na rúa Tahona nº 6, baixo, con denominación comercial "DOD & Co." expediente 47/2013



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

**Segundo.** A declaración responsable deparará os efectos previstos pola normativa de aplicación. Apercíbese ao solicitante de que o exercicio da actividade está sometido con carácter contínuo ao cumprimento da normativa sectorial de aplicación en materia de seguridade, hixiene, contaminación acústica e demais que resulten aplicables, así coma de que a falsedade nos datos expresados na declaración responsable terán coma consecuencia a paralización con carácter inmediato da actividade, independentemente das responsabilidades que se poidan xerar para o asinante.

**Terceiro.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA IMPLANTACIÓN OU MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE COMERCIO MINORISTA E DETERMINADOS SERVIZOS EN ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS, AO ABEIRO DO DISPOSTO POLA LEI 12/2012, DE 26 DE DECEMBRO, PARA A ACTIVIDADE DE PERRUQUERÍA EN LOCAL SITO NA RÚA FONDO DE VILA Nº 6, BAIXO A, PADRÓN, BAIXO A DENOMINACIÓN COMERCIAL "PELUQUERÍA MARÍA TERESA", FORMULADA POR DONA CARLOTA VIDAL LEAL. EXPTE. 55/2013.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 28 de outubro de 2013 D<sup>a</sup> Carlota Vidal Leal, en calidade de declarante, achega formulario de Declaración Responsable ao abeiro do disposto pola Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. Achégase coa solicitude modelo 037 de alta censal no I.A.E.

**Segundo.** En data 4 de novembro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informe favorablemente a solicitude, recomendando tomar coñecemento da declaración responsable achegada.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 4 de novembro de 2013, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos, no seu apartado segundo, en canto aos requisitos e efectos da exención de licenza municipal de apertura para comercios ao por menor de menos de 300 m<sup>2</sup> de superficie de exposición e

venda e a súa substitución por declaración responsable.

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Aceptar e tomar coñecemento da Declaración responsable de data 28 de outubro de 2013 formulada por D<sup>a</sup> Carlota Vidal Leal ao amparo da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e a consecuente apertura dun local adicado a perruquería na rúa fondo da vila nº 6, baixo A, baixo a denominación "Peluquería María Teresa" expediente 55/2013

**Segundo.** A declaración responsable deparará os efectos previstos pola normativa de aplicación. Apercíbese ao solicitante de que o exercicio da actividade está sometido con carácter continuo ao cumprimento da normativa sectorial de aplicación en materia de seguridade, hixiene, contaminación acústica e demais que resulten aplicables, así coma de que a falsedade nos datos expresados na declaración responsable terán coma consecuencia a paralización con carácter inmediato da actividade, independentemente das responsabilidades que se poidan xerar para o asinante.

**Terceiro.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aceptar e tomar coñecemento da Declaración responsable de data 28 de outubro de 2013 formulada por D<sup>a</sup> Carlota Vidal Leal ao amparo da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e a consecuente apertura dun local adicado a perruquería na rúa fondo da vila nº 6, baixo A, baixo a denominación "Peluquería María Teresa" expediente 55/2013

**Segundo.** A declaración responsable deparará os efectos previstos pola normativa de aplicación. Apercíbese ao solicitante de que o exercicio da actividade está sometido con carácter continuo ao cumprimento da normativa sectorial de aplicación en materia de seguridade, hixiene, contaminación acústica e demais que resulten aplicables, así coma de que a falsedade nos datos expresados na declaración responsable terán coma consecuencia a paralización con carácter inmediato da actividade, independentemente das responsabilidades que se poidan xerar para o asinante.

**Terceiro.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**6.- SOLICITUDE DE DESESTIMENTO DE SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE LOCAL ADICADO A CAFÉ BAR DE DON JOSÉ CAMPOS MIRÓN VICENTE A FAVOR DE DONA EUGENIA LOIS RODRÍGUEZ. EXPEDIENTE 46/2013.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 12 de setembro de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7204, solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de local adicado a Café Bar baixo a denominación comercial "Ruas" sito no Campo da Feira nº 19, Padrón, formulada por Dª Eugenia Lois Rodríguez coma beneficiaria da transmisión.

**Segundo.** En data 20 de setembro de 2013 requírese ao solicitante para que achegue documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente, consistente en alta no I.A.E.

**Terceiro.** En data 4 de outubro de 2013 o solicitante achega escrito desistindo da solicitude de licenza formulada.

**Cuarto.** En data 30 de outubro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente a solicitude de desistimento.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigos 90 e concordantes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), en canto á posibilidade de renuncia aos procedementos administrativos iniciados a instancia de parte.

**Segundo.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 30 de outubro de 2013, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Aceptar o desistimento da solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de local adicado a Café Bar baixo a denominación de "Ruas" en Campo da Feira nº 19, Padrón, solicitada por Dª

Eugenia Lois Rodríguez, expediente 46/2013

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos, aos efectos de xirar visita de comprobación, e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aceptar o desistimento da solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de local adicado a Café Bar baixo a denominación de "Ruas" en Campo da Feira nº 19, Padrón, solicitada por D<sup>a</sup> Eugenia Lois Rodríguez, expediente 46/2013

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos, aos efectos de xirar visita de comprobación, e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**7.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA ARRANXO DE TELLADO E TROCO DE VIGA EN MAL ESTADO DE VIVENDA, ASÍ COMA PECHE CUN PORTAL, EN FINCA SITA NO LUGAR DE PRADA, ESCRAVITUDE, SOLICITADA POR DONA AMELIA ALONSO ABOY. EXPEDIENTE 49/2011.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 27 de setembro de 2012, a Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión ordinaria, outorga a D<sup>a</sup> Amelia Alonso Aboy licenza municipal de obras para reparación de cuberta de vivenda sita no lugar de Prada, Escravitude. A o acordo foi notificado á solicitante en data 27 de outubro de 2012

**Segundo.** En data 1 de xullo de 2013, o interesado solicita prórroga da licenza outorgada.

**Terceiro.** En data 30 de outubro de 2013, o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo, informa favorablemente a solicitude.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**Primeiro.** Artigo 197 da LOUG en canto á posibilidade de outorgar prórroga do prazo de execución das obras por un único período non superior ao inicialmente conferido.

**Segundo.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 30 de outubro



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

de 2013, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Terceiro.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Conceder a D<sup>a</sup> Amelia Alonso Aboy prórroga da licenza de obras concedida para reparación de cuberta de vivenda sita no lugar de Prada, Escravitude, con expreso sometemento ao condicionado da licenza de data 27 de setembro de 2012 e do expediente de obras 49/2011.

A prórroga concédese por un período de seis (6) meses dende a notificación do acordo que outorgue a mesma. Non se poderán outorgar novas prórrogas para as obras solicitadas.

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Conceder a D<sup>a</sup> Amelia Alonso Aboy prórroga da licenza de obras concedida para reparación de cuberta de vivenda sita no lugar de Prada, Escravitude, con expreso sometemento ao condicionado da licenza de data 27 de setembro de 2012 e do expediente de obras 49/2011.

A prórroga concédese por un período de seis (6) meses dende a notificación do acordo que outorgue a mesma. Non se poderán outorgar novas prórrogas para as obras solicitadas.

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## **8.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN INMOBLE SITO NA RÚA CORREDOIRA DA BARCA Nº 1, PADRÓN, SOLICITADA POR DON PRIMITIVO SAYANES PAN. EXPEDIENTE 23/2013.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de novembro de 2013:

### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 1 de marzo de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1694, solicitude de

licenza municipal de obras de reparación e cambio de cuberta en inmovible sito na rúa corredeira da barca nº 1, formulada por D. Primitivo Sayanes Pan en calidade de propietario. Achégase coa solicitude orzamento das obras, recibo do IBI urbana, cartografía catastral e fotografías do inmovible.

**Segundo.** En data 6 de xuño de 2013 o arquitecto técnico Francisco Ferro González informa desfavorablemente as obras solicitadas por non se adaptar ao material de cubrición previsto polo planeamento.

**Terceiro.** En data 13 de xuño de 2013 remítese requerimento ao interesado para que emende a súa solicitude.

**Cuarto.** En data 22 de xuño de 2013 o solicitante achega escrito con novo orzamento adxunto referindo o cambio do material de cubrición.

**Quinto.** En data 18 de setembro de 2013 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio.

**Sexto.** En data 19 de setembro de 2013 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, sección de patrimonio, aos efectos de recabar a preceptiva autorización.

**Sétimo.** En data 25 de Outubro de 2013 ten entrada no Concello resolución de data 22 de outubro de 2013, do Xefe do servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de A Coruña, que autoriza as obras solicitadas.

**Oitavo.** En data 31 de outubro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial. Resolución de data 22 de outubro de 2013, do Xefe do servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de A Coruña

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 18 de setembro de 2013 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 31 de outubro de 2013, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

